

Seminario Técnico

Noia, Coliseo Noela
8 de maio de 2018



A Lei 7/2011 de Turismo de Galicia, no artigo 23, define os **Xeodestinos de Galicia** como áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular.

Nos últimos anos a Xunta de Galicia, a través de **Turismo de Galicia**, está a potenciar decididamente esta figura aplicando o principio de subsidiariedade, dotando de recursos económicos e apoio organizativo a administracións e entes locais para que sexan os artífices e impulsores do turismo nos seus respectivos territorios.

O presente **Seminario** pretende ser un foro de traballo no que se reflexione sobre este proceso de asentamento dos Xeodestinos na estrutura turística galega, sobre a súa misión, obxectivos e, sobre todo, sobre o papel que están chamados a xogar no futuro turístico de Galicia.


Actividades do seminario

O Seminario técnico A Xestión dos Xeodestinos de Galicia. Revisión e Actualización 2018 constará das seguintes actividades:

- Relatorios das mellores prácticas e experiencias postas en marcha polos Xeodestinos nos últimos anos.
- Mesa redonda sobre o futuro dos Xeodestinos.
- Sección de paneis co mais novidoso ou salientable do traballo que están a facer os Xeodestinos a prol do turismo nos seus respectivos territorios.
- Mesa de traballo paralela da Directora de Turismo de Galicia cos Presidentes dos órganos xestores dos Xeodestinos de Galicia.

Programa


- 09:00 Recepción de asistentes.
- 09:30 Inauguración oficial a cargo da Directora de Turismo de Galicia.
- 10:00 Sesión de paneis. Almorzo de traballo.
- 11.00 Relatorios de experiencias de xestión dos Xeodestinos de Galicia.
- Relacións institucionais e turismo.
Juan Ramón García Guinarte. Xerente da Mancomunidade do Salnés.
 - O proceso de constitución e posta en marcha do Xeodestino O Condado-Paradanta.
Francisco González Carracedo. Xerente do Grupo de Desenvolvemento Rural Terras do Condado-Paradanta.
 - A xestión participativa no Xeodestino Ría de Muros Noia.
Sebastián Valverde. Xerente do Xeodestino Ría de Muros-Noia.
- 12.00 Relatorio de experiencia de promoción dun Xeodestino de Galicia.
- A estratexia de promoción turística do Xeodestino Ferrolterra-Rías Altas.
Luís Alcalá Baillé. Xerente da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol.
- 12.30 Relatorios de experiencias de xestión de produtos nos Xeodestinos de Galicia.
- A Ruta do Impresionismo das Mariñas.
Diego López Pedreira. Axente de emprego e desenvolvemento local do Consorcio As Mariñas.
 - O Pasaporte ás Nubes da Ribeira Sacra.
Cristina Rico. Técnico de Turismo da Ribeira Sacra
 - Experiencias Turísticas de cara á desestacionalización.
Eugenia Juncal. Secretaría técnica do Xeodestino Costa da Morte.
- 13.30 Mesa redonda. Perspectivas e retos de futuro para os Xeodestinos de Galicia.
- José Luís Maestro. Director de Competitividade de Turismo de Galicia.
 - Manuel Veloso. Secretario técnico do Clúster de Turismo de Galicia.
 - Sebastián Valverde. Corredor do proxecto de Xeodestinos de Galicia.



Zonas de estacionamento recomendadas (a 5 min.)

Paseo Marítimo

San Lázaro



Lugar de celebración

Coliseo Noela
Praza do Curro
15200, Noia

